

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Segundo de Primaria

CURSO 2021-2022

CEIP CAMPOMAIOR. ORDES

ÁREAS de Ciencias Sociais / Ciencias da Natureza / Lingua Castelá / Matemáticas / Valores Sociais e Cívicos /
Lingua Galega.

CONTIDO

- 1 Bases Legais
- 2 Obxectivos de E. Primaria
- 3 Competencias clave
- 4 Avaliación: aspectos xerais
- 5 Procedementos, instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e promoción
- 6 Metodoloxía e estratexias didácticas
- 7 Medidas de atención á diversidade
- 8 Plans
 - 8.1. Accións previstas de acordo co Plan Lector desde cada área (bibliotecas escolares e lectura)
 - 8.2. Accións previstas de acordo co Plan Tic (Educación Dixital)
- 9 Elementos transversais
- 10 Información e comunicación ás familias
- 11 Avaliación da programación
- 12 Libros de texto e outros recursos
- 13 Áreas: Contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, mínimos esixibles e a súa relación coas Competencias Clave
 - 13.1. Matemáticas
 - 13.2. Ciencias da Natureza
 - 13.3. Ciencias Sociais
 - 13.4. Lingua Castelá e Literatura
 - 13.5. Lingua Galega e literatura
 - 13.6. Valores Sociais e Cívicos
14. Actividade lectiva non presencial

BASES LEGAIS

Esta Programación docente, baséase no disposto en:

- 1 LOMCE Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- 2 DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014).
- 3 Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria.

OBXECTIVOS DE E. PRIMARIA

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

COMPETENCIAS CLAVE

Enténdese por competencia as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. Na *Orde do 23 de xullo de 2014, pola que se regula a implantación para o curso 2014/15 dos cursos primeiro, terceiro e quinto de EP na C.Autónoma de Galicia, segundo o calendario de aplicación*

da Lei Orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa, establécense as seguintes:

- 1º Comunicación lingüística (CCL).
- 2º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- 3º Competencia dixital (CD).
- 4º Aprender a aprender (CAA).
- 5º Competencias sociais e cívicas (CSC).
- 6º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- 7º Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Debemos destacar que se potenciará o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e da competencia para aprender a aprender, e que tamén se deseñarán actividades integradas que permitan traballar máis dunha competencia ao mesmo tempo.

AVALIACIÓN: ASPECTOS XERAIS

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceremos medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Os mestres e as mestras avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a nosa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro básicos nas programacións docentes.

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, o centro adoptará as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción. Establécense tamén uns mínimos esixibles en cada área, para obter unha avaliación positiva nesta.

Realizaremos unha avaliación inicial ao comezo de curso. Esta avaliación centrarase sobre todo nas áreas instrumentais (lingua galega e castelá e matemáticas), a integración do alumno no grupo, o seu comportamento e os seus hábitos de traballo se fora o caso. Haberá unha avaliación cada trimestre (presencial o telemática segundo a situación da pandemia), á que asistirá todo o equipo docente, así como os mestres de PT, AL, orientadora e xefe de estudos. De cada unha desta reunións o titor levantará acta do desenvolvemento da sesión, e incluírá as achegas que fagan os compoñentes do equipo, e que se pidan que consten en acta. As actas quedarán arquivadas na secretaría do centro.

Nas avaliacións trimestrais, o nivel obtido por cada alumno ou alumna en cada área farase constar nun informe, que será entregado aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a tutoría legal cada trimestre.

PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

O alumno ou a alumna accederá ao curso seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor, na sesión de avaliación.

Procedementos e instrumentos de avaliación		
Escritos	Orais	Observación directa e sistemática

<ul style="list-style-type: none"> - Tarefas e actividades diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da aula. - Caderno de clase do alumno/a. - Probas escritas (tipo test, de preguntas pechadas, abertas). - Traballos grupais: Resolución de exercicios e problemas. - Actividades de expresión escrita. - Actividades interactivas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Participación do alumno/a. - Intervencións na aula. - Probas orais individuais. - Lecturas expresivas. - Preparación en grupo en actividades colectivas. - Intercambios orais cos alumnos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Escalas de observación. - Fichas de rexistro individual (anecdótico). - Lista de cotexo. - Rúbricas. - Outros.
--	---	--

Criterios de cualificación

Todos os instrumentos de avaliación empregados servirán para avaliar os estándares no peso indicado nos cadros das diferentes áreas (apartado 13 deste documento).

A cualificación obxectiva que recibirá o alumnado ao final de cada avaliación determinarase conforme aos seguintes criterios:

- A observación sistemática do alumnado na aula (autonomía, esforzo persoal, normas de convivencia, resolución de conflitos, coidado do material, autoavaliación, etc.), suporá un **20%** da cualificación.
- As produccións dos alumnos/as mediante a realización de traballos/proxectos (orais ou escritos), suporá un **40%** da cualificación.
- Os resultados das probas obxetivas (orais ou escritas), suporá o **40%** da cualificación.

A nota final será a media das probas realizadas para cada área ao longo do trimestre.

Os resultados da avaliación calcularanse a partir dos 3 apartados anteriores e expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo que se adoptarán en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Educación plástica e música: Para calcular a cualificación global, realizarase a media aritmética entre as dúas cualificacións.

Criterios de promoción

O equipo de 2º nivel deste centro decidiu que a promoción determinarase tendo en conta dous aspectos:

- **Áreas.** Os alumnos e alumnas promocionarán ao seguinte nivel cando non acaden unha valoración negativa en dúas destas tres áreas: lingua galega, lingua castelá ou matemáticas.
- **Perfís competenciais.** Consideramos imprescindible para a promoción que non se acade unha cualificación negativa en dúas destas tres competencias:
 - Competencia para Aprender a Aprender (CAA).
 - Competencia en Comunicación Lingüística (CCL).
 - Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía (CMCCT).

A continuación, especificanse os perfís competencias:

PERFÍS COMPETENCIAIS

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA	COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER	COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS	CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS	SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITU EMPREENDEDOR	COMPETENCIA DIXITAL
<p>2º-LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.</p>	<p>2º-CNB2.1.1 - Identifica e describe as partes do corpo humano e compárao co doutros seres vivos.</p>	<p>CNB1.1.1. Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>	<p>2º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.</p>	<p>2º-CSB3.5.1 - Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,.. propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.</p>	<p>2º-CNB1.1.1 - Manifesta certa autonomía na observación e na planificación de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>	<p>2º-LGB3.3.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto.</p>
<p>2º-LCB1.11.1 - Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse: escoita e pregunta para</p>	<p>2º-CNB2.2.2 - Relaciona o exercicio físico, o descanso e a adecuada alimentación coa</p>	<p>2º-CNB1.2.1 - Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o</p>	<p>2º-CSB3.3.1 - Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia</p>	<p>2º-CSB4.4.1 - Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia</p>	<p>2º-LGB1.7.1 - Amosa respecto ás achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.</p>	<p>2º-CNB5.2.2. Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.</p>

asegurar a comprensión.	propia saúde.	material e as normas de convivencia.	pacífica.	da vida humana.		
2º-LCB1.2.2 - Exprésase cunha pronunciación e unha dicción axeitada ao seu nivel.	2º-CNB3.1.1 - Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno.	2º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades	2º-CSB3.4.1 - Amona unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.	2º-CSB4.5.2 - Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.	2º-VSCB1.2.1 - Detecta en si mesmo/a sentimentos negativos e emprega estratexias sinxelas para transformalos.	2º-LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.
2º-LCB1.3.1 - Participa activamente en diversas situacións de comunicación: - diálogos - exposicións orais guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.	2º-CNB4.1.2 - Reduce, reutiliza e recicla residuos na escola.	2º-LCB2.2.1 - Identifica o tema dun texto sinxelo.	2º-EFB1.1.3 - Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	2º-EFB6.2.2 – Investiga e coñece xogos tradicionais de Galicia.	2º-VSCB1.4.2 - Toma iniciativas de actuación durante a colaboración.	2º -MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.

<p>2º-LCB1.4.1 - Utiliza o vocabulario axeitado ao seu nivel.</p>	<p>2º-CSB1.1.1 - Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</p>	<p>2º-LCB2.3.1 - Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto.</p>	<p>2º-EMB3.1.2 - Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.</p>	<p>2º - EMB2.3.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.</p>	<p>2º-VSCB2.5.1 - Forma parte activa das dinámicas do grupo.</p>	
<p>2º-LCB1.4.2 - Identifica polo contexto o significado de distintas palabras.</p>	<p>2º-CSB2.5.3 - Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural.</p>	<p>2º-LGB1.3.2 - Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa</p>	<p>2º-EPB2.8.1 - Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.</p>	<p>2º-EPB1.2.1 - Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.</p>	<p>2º-VSCB3.2.1 - Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.</p>	

		comprensión.				
2º-LCB1.5.1 - Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social.	2º-MTB1.1.1 - Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	2º - LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	2º-LGB1.4.2 - Respecta as opinións da persoa que fala.	2º - EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.		
2º-LCB1.9.2 - Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental.	2º-MTB2.1.1 - Le, escribe e ordena números ata o 999.	2º-LGB2.4.2 - Coñece, de xeito xeral, o funcionamento da biblioteca de aula e de centro, como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos	2º-VSCB1.5.1 - Participa con interese na resolución de problemas escolares.	2º-LCB5.2.1 - Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.		

2º-LCB2.1.1 - Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	2º-MTB2.2.3 - Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	2º-VSCB1.2.2 - Motívase mediante estratexias sinxelas de pensamento en voz alta durante o traballo individual e grupal.	2º-VSCB2.3.1 - Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	2º-LCB5.7.1 - Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.		
2º-LCB2.3.3 - Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto.	2º-MTB2.3.3 - Resolve operacións con cálculo mental.	2º-VSCB1.3.2 - Realiza, respondendo a preguntas de persoas adultas, unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.	2º-VSCB3.1.1 - Establece relacións de confianza cos iguais e as persoas adultas.	2º-LGB5.1.2 - Valora os textos da literatura galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.		
2º-LCB3.1.1 - Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social,	2º-MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.	2º-VSCB3.2.1 - Aмосa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	2º-VSCB3.2.2 - Respecta as regras durante o traballo en equipo.	2º-LGB5.6.1 - Aмосa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a		

<p>atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa) e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios</p>				<p>diversidade cultural.</p>		
<p>2º-LCB4.4.1 - Aplica as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.</p>	<p>2º-MTB3.6.2 - Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados.</p>		<p>2º-VSCB3.3.4 - Respecta as normas do centro escolar.</p>			
<p>2º-LGB2.1.2 - Comprende</p>	<p>2º-MTB5.1.2 - Resolve problemas</p>		<p>2º-VSCB3.4.1 - Resolve problemas</p>			

informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas.	contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos.		persoais da vida escolar mantendo unha independencia adecuada á súa idade.			
2º-LGB2.3.2 - Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.						
2º-LGB2.7.1 - Selecciona textos do seu interese con certa autonomía, en función dos seus gustos e preferencias.						
2º-LGB3.5.1 - Presenta os textos seguindo as normas básicas de						

presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica.						
--	--	--	--	--	--	--

METODOLOXÍA E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestaremos atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo cooperativo e en equipo.

A intervención educativa terá en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración no proceso de ensino aprendizaxe, deseñaremos actividades que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Teremos en conta ademais:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas fomentando a construción de aprendizaxes significativas.

- Posibilitar situacións de aprendizaxes motivadoras, que teñan sentido para o alumno.

Na nosa práctica docente incidiremos nos seguintes principios:

- Metodoloxía activa, buscando a inclusión dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición das aprendizaxes.
- Motivación, partindo dos intereses, demandas e necesidades do alumnado.
- Fomento das actividades cooperativas, co fin de adquirir competencias relacionadas co dominio emocional e habilidades sociais que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións, promovendo as actitudes de respecto.
- Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- Fomentar as actividades básicas e instrumentais, imprescindibles e funcionais, seleccionando aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias.
- Gradación das actividades: garantir uns mínimos para todos e na medida do posible, desenvolver as potencialidades de cadaquén.
- Facilitar e promover a transferencia de coñecementos lingüísticos desde a lingua materna á outra lingua oficial.
- Flexibilidade no tratamento de materias e sesións, procurando non romper un ritmo de traballo e aproveitar situacións educativas que se produzan na aula.
- Autonomía na aprendizaxe: procurar que o alumno aprenda a aprender, participando na planificación e na toma de decisións sobre a aprendizaxe.
- Coherencia na transición entre niveis, reforzando contidos aprendidos no curso anterior, e abrindo novos horizontes cara o vindeiro.

A metodoloxía poderá sufrir modificacións en función das necesidades de cada aula

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e

organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Así adoptaremos as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Neste curso 2021-2022 contamos con **2 aulas de 2º nivel:**

- **2º A:** 25 alumnos (14 alumnos e 11 alumnas). O grupo está formado por un alumnado moi heteroxéneo no que se refire a necesidades educativas, podendo destacar:

- 2 alumnos con retraso madurativo e dificultade no inicio do proceso de lectoescritura.
- 1 alumno con problemas de conduta.
- 1 alumna procedente do estranxeiro que non fala o idioma.

- **2º B:** 25 alumnos (15 alumnos e 10 alumnas). O grupo está formado por un alumnado moi heteroxéneo no que se refire a necesidades educativas, podendo destacar:

- 3 alumnos con retraso madurativo e dificultade no inicio do proceso de lectoescritura.
- 2 alumnos de nova incorporación, procedentes de outro centro, pendentos de valorar polo departamento de orientación.

A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades

deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.

A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. No caso de superar ese desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

Para o alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo adoptaremos as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

Entre as medidas de carácter xeral establécense as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Metodoloxía que ten en conta o traballo cooperativo e que promova a inclusión.
- Adaptación, se fora o caso, dos instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Reforzo educativo (medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regula as adaptacións do currículo) e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular. -
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas de habilidades sociais. Medidas específicas e excepcionais:
 - Adaptacións curriculares: (Modificación dun ou de máis elementos prescriptivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno ou alumna motivada tanto por unha determinada

dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais. *Orde do 6 de outubro do 1995*)

- Agrupamentos flexibles:(“Así mesmo poderase constituír con carácter temporal, agrupamentos flexibles como medida de apoio para o alumnado con dificultades de aprendizaxe de carácter esencial, que deberán contar coa correspondente autorización da inspección educativa ou da delegación provincial” Orde do 27 de decembro de 2002, Artigo 18º).
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe: (As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, do que forman parte en colaboración co titor do grupo ao que pertence o alumno. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto co resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que están debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar” Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con necesidades educativas especiais. Artigo 19º)
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

PLANS

8.1. Accións previstas de acordo co Plan Lector desde cada área (bibliotecas escolares e lectura)

Dedicaremos media hora diaria de lectura, 20 minutos a canda o resto dos curso na “hora de ler” e o resto nas horas de lingua galega e castelá. Os obxectivos do proxecto lector en 2º curso son:

- Fomentar a lectura para favorecer a comprensión oral e escrita, utilizando os recursos da biblioteca de aula e da biblioteca do centro.
- Conseguir unha lectura axeitada na que se respecten as pausas, entoación e vocalización.
- Potenciar o desenvolvemento do hábito lector e a mellora da competencia lectora desde todas as áreas do currículo.
- Ampliar o vocabulario e xeneralizalo a contextos variados.

- Utilizar a lectura para achegarse a obras da literatura galega e castelá adaptadas a súa idade.
- Fomentar a lectura en diferentes soportes (Plan Lector e Plan TIC: ordenador, pantalla da aula, PDI)...
- Converter a biblioteca nun recurso formativo, informativo e de ocio co fin de que favoreza o hábito lector.
- Utilizar a biblioteca como un recurso de axuda para as actividades da aula.

Accións previstas para este curso:

- Lectura de contos e posteriormente narralos na propia aula ou noutros cursos
- escoita e visualización de contos.
- Dramatización de contos o breves obras de teatro.
- Recollida (de ser o caso), memorización e recitado de poesías sinxelas.
- Emprego habitual da biblioteca de aula.
- A partir dun conto, propóñense actividades de: cuestionario de repostas múltiples, exercicios de vocabulario, habilidade visual e atención e propostas de morfosintaxe sinxelas.
- Ilustración de contos sinxelos. Escaneo e visualización na aula co proxector e pantalla. Narración do conto apoiándose nas imaxes.
- Traballo da expresión oral a través da lectura de imaxes.
- Lectura de algún libro ao longo de todo o curso intercambiando os mesmos ao seu remate co outro nivel.

8.2. Accións previstas de acordo co Plan Tic (Educación Dixital)

Pretendemos que o alumnado neste 2º nivel da E. Primaria comece cunha aproximación ás TICs integrando estas no traballo diario da aula. Para iso usaremos o ordenador da aula con conexión a internet, con proxector e pantalla, para realizar actividades grupais en soporte dixital. Empregaremos tamén a aula de informática e as 25 tabletas con conexión a internet coas que contamos este grupo.

8.3. Accións previstas de acordo co Plan de Igualdade

Abrir vías de diálogo que poñan de manifesto as ideas que teñen as nenas e nenos sobre o tema. Obxectivo, verbalizar o que non se ve.

Aproveitar distintas conmemoracións lectivas para realizar actividades que fomenten a igualdade, como:

- Día do Libro (23 de Abril) presentando autores e autoras
- Día do Traballo (1 de Maio), presentando traballadoras e traballadores.
- Día da Familia(15 de Maio). Traballar o reparto das tarefas en función da disponibilidad e non do sexo.

8.4. Accións previstas de acordo co Plan de Convivencia

Traballar un sistema de axudas múltiples e variadas, dentro dunha estratexia “necesitaria”, co fin de ser quen de pedir e dar axuda.

Asimesmo fomentar a observación dos demais e xerar empatía.

Desenvolver habilidades sociais para a resolución pacífica de conflitos. escoitar os compañeiros/as, dialogar e acudir os profesores/as para que medien nas rifas e nas discusións sen chegar a desconsideración ou violencia.

Adicar un curto espazo de tempo a falar sobre os aspectos que puideran afectar negativamente a unha boa convivencia nos grupos intentando chegar a solución e medidas de actuación na resolución de conflitos. Escenificar posibles situacións.

-Coas familias:

- Establecendo reunión xerais informativas ao comezo do curso escolar preferiblemente de xeito presencial.
- Establecendo entrevistas persoais con cada unha das familias.

O coidado do entorno.

Tendo en conta que o centro é un lugar onde vivimos e compartimos cos demais merece o noso coidado e respecto. A nosa escola debe estar aberta o entorno, e as nosas aprendizaxes, actitudes e aptitudes deben ter unha continuidade fora da escola, na procura de conseguir persoas con competencias para coidar o medio e a nosa casa que é o noso planeta. A través do coidado da escola pensamos que podemos despertar nos alumnos/as sentimentos ecolóxicos e de respecto a vida na terra.

Así procuraremos ter un entorno físico agradable traballando normas de coidado, limpeza e convivencia.

- Coidar as nosas aulas e corredores: orden do material escolar e limpeza.
- Coidar o patio de recreo: mantelo limpo, cumprir as normas de uso.
- Coidar a biblioteca, os libros e os seus materiais, a aula de informática e os seus materiais e o resto das instalacións do colexio.

- Establecer canais de comunicación nas asembleas das aulas facendo sentir o colexio como algo propio e non como algo alleo que non nos pertence. A escola ten que ser concebida como un ben común que temos que respectar.
- Despertar nos alumnos/as un sentimento estético plástico valorando as actividades e traballos que persigan este obxectivo. Querendo un colexio cada vez máis bonito!

Traballamos xuntos na procura de conseguir nos alumnos/as e na comunidade educativa en xeral as competencias que nos axuden a vivir mellor en comunidade.

8.5. Accións previstas de acordo co Plan Lingüístico

O alumnado de 2º de primaria é maioritariamente galego falante. Teñen o galego como lingua inicial e como lingua habitual.

É por iso que todas as actividades complementarias son en galego, non só nas áreas que xa se imparten en esa lingua. Asemade, imos priorizar a expresión oral tanto na área de lingua galega e lingua castellana, en función das directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Xeneralidades:

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

Trataremos de fomentar a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que todo o alumnado poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.

Así mesmo, na aula promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Este aspecto traballarase sobre todo desde o plan de acción tutorial, normas de aula, traballos grupais mixtos (métodos

cooperativos e participativos onde os nenos e nenas asuman as mesmas responsabilidades, tanto nas actividades propias da aula como na vida do centro.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Estes valores traballaránse tamén tendo como base o plan de acción tutorial, tendo como eixe vertebrador as normas da aula e do centro. A comezos de curso, acordaranse unhas normas de aula, que se irán interiorizando pouco a pouco na repetición das rutinas diarias. Por outro lado, tamén se explican e recordan aos nenos unhas normas sinxelas de comportamento no centro. Utilizaremos o reforzo positivo ou negativo, a análise e a reflexión sobre a conduta. Se houber algún caso conflictivo, empregaremos algún programa de habilidades sociais.

Tamén se educará nos valores cívicos e constitucionais, e promoveranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e a prevención de calquera tipo de violencia.

Promoveranse actitudes que axuden á prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual, e previr a violencia de xénero e non discriminación.

No ámbito da educación e da seguridade viaria trataremos de incorporar actividades e promoveremos accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peóns, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes.

Desenvolveranse tamén actividades que promovan o desenvolvemento sustentable e o coidado do medio ambiente. Fomentaremos a reciclaxe e a reutilización: na aula hai unha caixa de reciclaxe na que os nenos depositan o papel para tirar.

Participaremos nalgún proxecto ao longo do curso (etwinning, Voz Natura, Plan Proxecta, ...)

No tocante á prevención dos riscos derivados da utilización das tecnoloxías da información, tratarase desde a acción tutorial en colaboración co profesor encargado da dinamización das novas tecnoloxías.

Realizaranse ademais actividades relacionadas coa prevención ante urxencias e catástrofes.

No que respecta ao fomento do espírito emprendedor e iniciativa, no 2º nivel traballarase sobre todo o desenvolvemento da iniciativa a través de traballos cooperativos, nos que os membros do grupo asumirán diferentes responsabilidades. Nestes pequenos proxectos de investigación

asumirán o rol que lle corresponda, planificarán o traballo, elaborarán as normas do equipo, buscarán a información e plasmarana para finalmente, expoñer diante dos seus compañeiros os resultados do seu traballo. Estes pequenos traballos desenvolveranse sobre todo nos proxectos que se traballen na aula.

A nivel individual promoveremos a autonomía do neno, a responsabilidade e o esforzo.

INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN ÁS FAMILIAS

De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos, das súas fillas ou das persoas que tutelén, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se lles realicen aos seus fillos, fillas ou persoas tuteladas.

Promoverase, ademais, compromisos coas familias e cos propios alumnos e alumnas nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo. Estes compromisos adoptaranse na reunión de principios de curso que cada titor realiza cos pais dos seus alumnos. Nesta reunión acordarase sobre todo que traballos ou actividades poden realizar as familias cos seus fillos en xeral, sen prexuízo dos compromisos que poidan establecerse con algunha familia en particular atendendo ás necesidades de aprendizaxe do seu fillo/a.

Cada trimestre entregaráselle o boletín de notas ás familias, como información do proceso de aprendizaxe do seu fillo ou filla, e establécense os martes de 17:00 a 18:00 para falar de calquera asunto relacionado co proceso educativo do neno/a solicitando cita con anterioridade co fin de mellorar a efectividade da mesma. Poderanse desenvolver tamén de xeito telemático.

Ademais poderán consultar os documentos do centro, así como as novas máis importantes na nosa páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampa maior/>

O correo electrónico, abalar mobil, clasdojo son ademais do teléfono medios de comunicación coas familias habituais.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Nas sesións de avaliación, os mestres/as avaliaremos os procesos de ensino e a práctica docente en relación co logro dos obxectivos de cada nivel e de etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá os seguintes aspectos:

- 1 Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación
- 2 Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- 3 Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- 4 Clima de traballo na aula.
- 5 A coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

Nesta avaliación reflectiremos nun documento aqueles aspectos que teñan unha avaliación negativa e engadiremos tamén as propostas de mellora para o vindeiro curso.

LIBROS DE TEXTO E OUTROS RECURSOS

Libros de texto:

Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2021/22							
Denominación do centro: CEIP CAMPOMAIOR							
Concello: Ordes							
Provincia: A Coruña							
Curso e etapa	Área Materia Ámbito Módulo	Autor	Título	Editorial	Ano Pub.	ISBN	Lingua da edición
2º ED. PRIMARIA	MATEMÁTICAS	VARIOS		SM	2018	9788491077671	L. CASTELÁ
2º ED. PRIMARIA	LINGUA	VARIOS	LINGUA	SM	2019	9788498546996	L. GALEGA
2º ED. PRIMARIA	NATURAIS	VARIOS	CIENCIAS DA NATUREZA.	SM	2019	9788498547009	L. GALEGA
2º ED. PRIMARIA	SOCIAIS	VARIOS	CIENCIAS SOCIAIS	SM	2019	9788498546958	L. GALEGA
2º ED. PRIMARIA	MÚSICA	VARIOS		SM XERME		9788498545142	L. GALEGA
2º ED. PRIMARIA	INGLÉS	M.CARME N OCETE	ALL ABOUT 2 ACTIVITY BOOK	OXFORD	2018	9780194562362	INGLÉS
2º ED. PRIMARIA	INGLÉS	M.CARME N OCETE	ALL ABOUT US 2.CLASS BOOK	OXFORD	2018	9788469840276	L.CASTELÁ

Outros recursos:

- Libros de texto de diferentes editoriais.
- Fichas de traballo elaboradas ou recompiladas polas mestras.
- Láminas, pósters e murais de aula.
- Fichas de reforzo e ampliación.
- Cadernos de traballo persoal do alumnado.
- Corpos xeométricos, regletas, reloxos, xogos de moedas e billetes...
- Biblioteca de aula e de centro.
- Libros aportados polos nenos e nenas.
- Tabletetas con diferentes apps.

ÁREAS: CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, MÍNIMOS ESIXIBLES E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE, TEMPORALIZACIÓN E PORCENTAXE

Este apartado está extraído integramente do DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de setembro de 2014).

Unicamente engádense aqueles estándares de aprendizaxe que consideramos como mínimos esixibles para obter unha cualificación positiva na área. Nalgúns casos foron simplificados, concretados ou reelaborados.

13.1. Matemáticas

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO		SEGUNDO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	Competencias clave	Pe so %	Tempo ralización
	BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS					12	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolución de problemas que impliquen a realización de cálculos, explicando oralmente o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ IDEM 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL 	4 %	1º,2º e 3º

ÁREA	MATEMÁTICAS		CURSO		SEGUNDO		
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimo esixible	Competencias clave	Pe so %	Tempo realización
	significado dos datos, a situación planeada, o proceso seguido e as solucións obtidas.	situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.					
